



PROGRAMA

“COÑECE A EMAO”

A **Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo** (EMAO), dependente do servizo de Educación do Concello de Vigo, é un centro educativo dedicado á formación non regrada en artes e oficios artísticos, que imparte ensinanzas nas especialidades incluídas no seu Plan de Estudos; conta, ademais, cunha biblioteca especializada nas materias obxecto de estudo.

Dirixida a persoas que demandan unha formación específica nos ámbitos artesáns e artísticos, encamiñada non só ao seu crecemento persoal, senón tamén ao posible desenvolvemento profesional das súas capacidades, sen necesidade de acreditacións académicas previas á experiencia formativa. A **excelencia técnica**, a **interdisciplinabilidade** e a **creatividade** delimitan o ideario educativo da nosa Escola.

A EMAO quere abrir as súas portas para que a cidadanía coñeza de primeira man as súas instalacións e as súas actividades. O programa **“Coñece a EMAO”** está dirixido a grupos de persoas que, procedentes de centros educativos, asociacións ou entidades con interese nos ámbitos de actividade da escola, cumpran cos requisitos do programa e se adecúen ás súas características e condicionantes, tendo en conta que esta actividade debe facerse compatible co funcionamento ordinario da escola.

Con carácter xeral, os requisitos para a súa participación son os seguintes:

- Os grupos deben estar formados por un **mínimo de 12** e un **máximo de 25 persoas**.
- Cada grupo deberá ter á fronte unha persoa responsable durante toda a visita.
- As visitas serán os **martes**, dentro do horario establecido, de **10.00h a 13.30h**.
- A **idade mínima** das persoas participantes é **14 anos**.
- O **número máximo de Espazos/Aulas/Obradoiros** a visitar é de **tres (3)**.
- Actualmente poden visitarse os seguintes espazos:

- *Biblioteca Pública “García Barbón” - EMAO*
- *Obradoiro de Artesanía en coiro*
- *Obradoiro de Cerámica artística*
- *Obradoiro de Construción artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM) Gaita*
- *Obradoiro de CAIM Zanfona*
- *Obradoiro de Escultura e talla en madeira*
- *Obradoiro de Moda e confección*
- *Obradoiro de Ourivaría*
- *Obradoiro de Serigrafía artística*
- *Obradoiro de Deseño e encaixe de palillos*
- *Aula de Debuxo artístico*
- *Aula de Pintura*
- *Sala de exposicións Espazo EMAO (*)*

(*) *Só dispoñible cando haxa unha exposición temporal aberta; consultar datas da programación*

- Para **gravar imaxes** en vídeo ou foto precísase a **autorización previa** do/a mestre/a de cada especialidade.

- A **solicitude** de participación no programa “Coñece a EMAO” concretarase mediante o **envío** do correspondente **Formulario de Solicitude** ao enderezo electrónico biblioteca.emaovigo.org



As características das visitas serán as seguintes:

As visitas comezan cunha presentación da Escola na Biblioteca para continuar cun percorrido polas aulas e obradoiros das especialidades elixidas (máximo 3), duns vinte minutos en cada unha. As visitas terán, pois, unha duración máxima de dúas (2) horas.

Non será posible a coincidencia de dous ou máis grupos á vez. Ante esta circunstancia, é conveniente que no Formulario de Solicitud se indiquen varias opcións (datas alternativas) ante a posibilidade de que a primeira data elixida xa non estea dispoñible. A autorización das visitas farase por rigorosa orde de chegada das solicitudes debidamente cubertas.

Os grupos e os seus responsables deben cumprir o horario indicado na súa reserva.

Máis información:

Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) do Concello de Vigo
Avenida García Barbón nº 5. 36201 Vigo
Teléfono: 986 228 088
E-mail: emao@vigo.org / biblioteca.emao@vigo.org